



## MOCIÓN URXENTE

### **CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN LOCAL DE SEGUIMENTO, POLO ACCIDENTE MARÍTIMO E AFUNDIMENTO DO BUQUE “PRESTIGE”**

Diante das gravísimas consecuencias ocasionadas co accidente e, posterior, afundimento do buque “Prestige” na costa de Galicia, non só cómpre polo noso Concello o máis firme apoio e solidariedade cos sectores do mar -extractivos /productivos- directamente afectados, senón con outros que tamén van resultar prejudicados (comercialización, acuicultura, hostalería, etc,...).

Constitúe unha obriga prestar toda a axuda que esté ó noso alcance, sendo este un deber complementario do que as Institucións da Administración e organismos públicos poidan facer nesta ardua tarefa.

A magnitude da catástrofe-traxedia, é evidente e os imprevisibles riscos e consecuencias do afundimento do barco, polo de agora aínda se descoñecen.

A preocupación é unha constante nos sectores que teñen o seu único medio de vida no mar da Ría de Arousa. Eses sectores demandan incuestionablemente, amais da urxente dotación de medios técnicos, outra ferramenta, sinxela e moi eficaz: **PREVENCIÓN**. Procedemento eficiente na toma de decisións certas, adiantándose con elo a previsibles circunstancias e acontecementos, e polo tanto as súas posibles consecuencias; en definitiva, asegurando a debida coordinación de esforzos e actuacións que palíen a, lóxica, alarma social creada pola circunstancia trágica.

Polo exposto, pola vital importancia que para Vilagarcía e para toda a Ría de Arousa acada o problema, é polo que o **Grupo Municipal do BNG**, propón que polo pleno do Corporación se adopte o seguinte

#### ACORDO:

**1** Demandar, da Xunta de Galicia, a dotación inmediata dos medios técnicos que o sector está a solicitar, para frea-los efectos que puidera causar no medio mariño-costeiro o vertido de combustible.

**2** Constituír unha Comisión de Seguimento, co obxecto de facer unha avaliación e control preventiva, de xeito continuo e permanente, das posibles incidencias e consecuencias que se están a producir xa, ou que ven puideran xurdir no futuro próximo.

**3** Convocar, para formar a Comisión de Seguimento ós voceiros dos grupos municipais, a representantes dos sectores directamente afectados (Confraría de Pescadores, Asociacións de mariscadores/as, Asociacións de mexiloeiros, etc...), colectivos ecoloxistas e, loxicamente, a todas aquelas outras entidades públicas e institucións implicadas nas labores de prevención e auxilio.

Vilagarcía 21 de novembro de 2002

Xosé Castro Ratón  
Voceiro

---

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA